

## Comisión de Enxeñería Informática

### Reunión do 24 de xaneiro de 2023

A comisión de Enxeñería Informática reúnese en 2ª convocatoria, ás 10:30 en sesión telemática, coa asistencia dos seguintes membros:

- Juan C. Pichel Campos
- Julia González Álvarez
- Gracia Mª Frutos Martínez
- Francisco J. Pena
- Jose Ramón Ríos Viqueira

#### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións dos días 5 de outubro do 2022 e 12 de xaneiro de 2023 (virtual).
2. Proposta de prazas do GrEI para o curso 2023/24.
3. Solicitudes equivalencia.
4. Informar asignación titor académico.
5. Informar plaxio.
6. Informar creación de grupo de traballo.
7. Ratificación de acordos adoptados polo procedemento de urxencia.
8. Rolda aberta de intervencións.

#### Acordos:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións dos días 5 de outubro do 2022 e 12 de xaneiro de 2023 (virtual).

*Aprobadas por asentimento.*

2. Proposta de prazas do GrEI para o curso 2023/24.

*Aprobadas a proposta de aumentar a 85 o número de estudantes do GrEI de novo ingreso e diminuír a 6 estudantes a cota de traslados nacionais para continuación de estudos.*

Os acordos que se reflexan nesta acta non serán executivos ata a súa ratificación posterior polo órgano competente (Comisión Permanente, Xunta de Escola, etc.)

3. Informar asignación titor académico.

*Infórmase da asignación de titor académico a estudante Yadira Reimundez Queimadelos, considerada pola USC como deportista de alto nivel. O titor será o profesor José Taboada.*

4. Informar plaxio.

*Infórmase dun plaxio na materia Administración de Sistemas e Redes.*

5. Informar creación de grupo de traballo.

*Infórmase da creación dun grupo de traballo formado polos profesores M<sup>a</sup> José Carreira, Tomás Fernández Pena, Francisco J. Pena, Diego Cabello e Juan C. Pichel. O obxectivo, seguindo as propostas de mellora, será analizar a posible obtención dunha certificación internacional para os estudos do GrEI na USC.*

6. Ratificación de acordos adoptados polo procedemento de urxencia.

*Ratifícanse os acordos por asentimento.*

7. Rolda aberta de intervencións.

*Varios membros da comisión comentan a dificultade que hai para conseguir que os estudantes cubran as enquisas de avaliación. Isto supón un problema xa que existen distintos procedementos que as requiren (informes quinquenios, acreditacións, premios Leonardo, etc...). Indícase que é responsabilidade da universidade buscar solucións a este problema.*

*GFM informa da posta en marcha dun curso básico e outro avanzado en competencias en información. O básico está pensado para estudantes de 1<sup>o</sup> curso do GrEI e GrIA, mentres que o avanzado centrarase no TFG e, polo tanto, está pensado para estudantes dos últimos cursos do GrEI. JCP comenta que se tentará darlle a máxima difusión entre os estudantes a través do CV e nalgunha clase do 2<sup>o</sup> cuatrimestre.*

Ás 11:10 remata a comisión.

Juan C. Pichel  
Coordinador do GrEI

Os acordos que se reflexan nesta acta non serán executivos ata a súa ratificación posterior polo órgano competente (Comisión Permanente, Xunta de Escola, etc.)